



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FISTERRA

Aprobación definitiva de ordenanza fiscal

EDICTO

Aprobada definitivamente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por terrazas asociadas a establecementos hoteleiros, hostaleiros e comerciais mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 5 de xuño de 2012, faise público o seu Texto Integro a efectos do disposto no Artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo:

Artículo 1.- Fundamento e obxecto

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2º.-) e 142º.-) da Constitución e por o artigo 106º.-) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15º.-) a 19º.-) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de as Facendas Locais, o CONCELLO DE FISTERRA establece a TARA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR TERRAZAS ASOCIADAS A ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS, HOSTALEIROS E COMERCIAIS NO CONCELLO DE FISTERRA, a que se refire, o artigo 20.3º.I.-), do propio Real Decreto Legislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57º.-) do citado Real Decreto Legislativo.

Artículo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización de ocupacións de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, veladores, paraventos, macetas, antucas, felpudos, tribunas, taboados e outros elementos análogos.

Artículo 3.- Suxeito pasivo

1 É obrigado tributario, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4º.-) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou ben, se beneficien ou realicen os aproveitamentos de procederse sen a oportuna autorización. Cando se solicite licenza para a utilización ou aproveitamento, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo o solicitante ou a persoa ou entidade que represente. Se o aproveitamento realizávese sen obter licenza, considérase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que se atope afecto o elemento situado en terreo público.

2 Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42º.-) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3 Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43º:) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artículo 4.- Base imponible

Tomarase como base para determinar o importe a pagar o número de metros cadrados de vía pública delimitada.

Artículo 5.- Tarifas

Esixiranse as seguintes:

1 Anual:

Por cada m2 ou fracción de terreo de uso público: 40,00 €

2 Temporada:

Por cada m2 ou fracción de terreo de uso público: 20,00 €

3 Establecese unha tarifa mínima de 60,00 € / ano sempre que por aplicación dos anteriores epígrafes non se alcance o importe establecido.

Artículo 6.- Devengo

1 A Taxa percibirase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obteña a correspondente licenza.

2 As cotas sinaladas nas tarifas será irredutibles.

Artículo 7.- Normas de xestión

1 Cando se presenten solicitudes de licenza para a realización dos aproveitamentos previstos nesta Ordenanza haberá de efectuarse o ingreso anticipado en concepto de depósito previo do importe da Taxa, sen cuxo requisito non se tramitará o expediente para a concesión do aproveitamento. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.

2 A resolución que conceda a licenza aprobará simultaneamente unha liquidación provisional ordenando as devolucións ou practicando as liquidacións complementarias que procedan. En caso de non se conceder a licenza, devolverase o depósito constituído.

3 As posteriores cotas anuais serán esixibles dende o primeiro día do ano natural.

Artículo 8.- Infraccións e sancións tributarias

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178º.-) e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Derogatoria.

Déixanse sen efecto os acordos plenarios na materia.

No non previsto na presente ordenanza estarase ao disposto nas normas de carácter xeral reguladoras do réxime local.

Disposición Final.

A presente Ordenanza aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 5 de xuño de 2012 comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación.-

Fisterra, a 31 de xullo de 2012-

O ALCALDE-PRESIDENTE

José Manuel Traba Fernández

2012/10189